



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES E O CONCELLO DE O PORRIÑO PARA A POSTA A DISPOSICIÓN DOS TERREOS E INMOBLES NECESARIOS PARA AS OBRAS DE RESTAURACIÓN DO TEMPLETE DE SAN LUIS EN O PORRIÑO (PONTEVEDRA)

Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Dunha parte, D. Román Rodríguez González, actuando en representación da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, en virtude do seu cargo de conselleiro, en exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, así como o artigo 2º da Resolución de 8 de abril de 1991, pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia de 27 de marzo de 1991 sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares.

Doutra, D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, actuando en representación do concello de O Porriño, en virtude da súa condición de alcalde da citada corporación segundo o disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e no artigo 24 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

Todas as partes teñen plena capacidade para levar adiante o presente convenio de cooperación e por tanto,

EXPOÑEN

Primeiro:

Que a Xunta de Galicia asume a xestión das funcións sobre o patrimonio cultural en virtude do Real decreto 2434/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura, de acordo co establecido no artigo 27.18 do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1.16 da Constitución Española, ámbito desenvolvido na Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

Segundo:

Os apartados 1) e 2) do artigo 198 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia establecen que as administracións públicas galegas axustarán as súas relacións aos principios de colaboración, cooperación, auxilio, coordinación e respecto aos correspondentes ámbitos competenciais, garantíndose a máxima eficacia nas xestións administrativas, podendo subscribir





convenios de cooperación entre si, segundo o disposto no artigo 198 da mesma lei. Do mesmo xeito, o artigo 3.2 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, encomenda aos concellos a obriga de protexer, difundir e fomentar o valor cultural dos bens do patrimonio cultural de Galicia que se localicen no seu ámbito territorial.

Terceiro:

O ben denominado templete de San Luis está protexido polo seu valor cultural ao ser un ben pertencente ao Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia segundo o que establece a disposición adicional segunda da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92 do 16.05.2016) por estar incluído no catálogo do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de O Porriño na ficha 32. Está situado a carón do Camiño Portugués.

O templete foi deseñado por Antonio Palacios para acceder á estación do metro na Gran Vía en Madrid. Construíuse en 1919 e desmontouse en 1970-71, despois de colocarse as escaleiras mecánicas como nova alternativa de acceso. Foi enviado a O Porriño por ser a cidade natal do arquitecto, despois de varias alternativas para a súa localización en Madrid, que por diferentes motivos foron rexeitadas. Houbo protestas por parte de asociacións e revistas de arquitectura por ser un lugar emblemático de encontro, e polo valor engadido que achegaba ao espazo céntrico onde estaba situado.

Cando O Porriño se fai cargo da obra, na demolición desaparece a estrutura de metal e o cristal que formaba a marquesina, quedando só elementos pétreos xunto a outros decorativos como os leóns de cemento. O concello tenta darlle, pola importancia tanto do autor como da obra, un lugar sobresaliente que dignifique a estrutura encargando ao arquitecto municipal, Xosé Bar Bóo, un proxecto sobre a integración do templete na edificación da biblioteca municipal que se propoñía ademais, fose un centro de estudo da obra de Antonio Palacios. Esta obra nunca se levou a cabo.

Acabou colocándose na zona axardinada próxima onde ía establecerse a biblioteca, sen ningún sentido para a estrutura e xerando un espazo de difícil comprensión para un observador calquera, xa que ao perder a marquesina, o templete xa non ten sentido como tal, e pasa a ser só unha pequena ruína, nun espazo axardinado. Só o nome do autor dálle valor á peza, nin a súa situación actual nin o seu estado de conservación dignifica como se merece esta estrutura de Antonio Palacios.

O templete ten planta rectangular, formado por tres parámetros organizados simetricamente, cunha gran portada central de arco rebaixado moldurado con doelas resaltadas, cun escudo da vila, rematada superiormente cun gran van rectangular flanquado por figuras de leóns e pináculos





con bola. As fachadas laterais rematadas en curva contra as pilastras do fronte principal están compostas por columnas rematando cunha balaustrada central.

Cuarto:

Na actualidade, o estado de conservación do templete pódese valorar como regular. Destaca a entrada de auga por perda de morteiro nas xuntas e presenza de restos de ferro oxidado debido sobre todo á ausencia dun elemento de cubrición/cuberta.

Tamén se aprecian manchas de escorrentía, presenza de plantas superiores, pátina biolóxica de liques e brión, manchas por oxidación de elementos metálicos, perda de morteiro nas xuntas, desplazamentos puntuais, grafitis... Cómpre indicar que na desmontaxe en 1970-71 en Madrid, do lugar para o que fora deseñado como entrada do metro, traslado e montaxe de novo no parque no que se atopa hoxe situado, perdeu elementos fundamentais como a marquesiña de cristal. Montouse de novo colocando no interior un muro de cachotería con cemento, realizado con pouca atención, que non harmoniza coas liñas coidadas e a pedra pulida do resto da estrutura base do templete.

Trátase dunha actuación consistente nas obras necesarias para a restauración e mantemento do templete cos traballos necesarios para a súa posta en valor: conseguir un entorno axeitado para a obra de Antonio Palacios que mellore a súa presenza no lugar e se valore; retirarlle o actual carácter “escultórico” e devolverlle o seu carácter arquitectónico de edificación; dotar dunha cuberta e un pavimento que lle devolva o sentido de “edificio” de forma que facilite as súas condicións de conservación. Por unha banda restáuranse as fábricas e dispónse unha cubrición que atende aos criterios da cuberta orixinal, tendo en conta que existe unha limitación estrutural para a definir a dimensión do voo sen desmontar a fábrica. Hai que ter en conta que a montaxe realizouse nos anos 70 sen a marquesiña da cuberta.

Por outra banda, intervénse no entorno inmediato do parque, fundamentalmente sobre o pavimento que se substitúe por outro máis acorde co elemento de Palacios de xeito que poida contextualizarse o elemento e poida explicarse a sí mesmo. Para isto propónse utilizar algún panel como recurso divulgativo de apoio. Tamén se propón algunha acción de corta e poda nas especies vexetais próximas ao elemento que non teñen interese paisaxístico e alteran os valores culturais deste elemento. Con independencia do anterior, cómpre ter en conta que o templete sitúase na entrada do Camiño Portugués en O Porriño, razón pola que é importante destacar que se tivo en consideración o emprazamento singular do elemento (no acceso ao cemiterio) á hora de definir a intervención.





Para realizar a execución destas obras de urxencia no Templete de San Luis é preciso realizar un convenio de colaboración co Concello de O Porriño (Pontevedra), para a posta a disposición dos terreos e inmobles obxecto desta actuación.

Por todo o exposto, as partes acordan subscribir un convenio de colaboración baseado nas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do Convenio

O obxecto do presente convenio é regular as bases de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da súa Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, e o Concello de O Porriño (Pontevedra) para a **posta a disposición dos terreos e inmobles necesarios para a execución das obras de restauración do templete de San Luis en O Porriño (Pontevedra)**

Por outra banda, as intervencións obxecto do presente convenio están incluídas no *Plan estratéxico para a protección e conservación do patrimonio cultural de Galicia* da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, dentro do obxectivo operativo Conservar o patrimonio cultural galego.

Segunda.- Obrigas da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia, dentro das liñas de actuación que en materia de protección, conservación e posta en valor do patrimonio cultural, están sinaladas no seu programa de obxectivos, realizará as actuacións oportunas para a execución das obras de restauración do templete de San Luis en O Porriño (Pontevedra), con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia de 2023 en función das súas dispoñibilidades económicas e en consonancia co disposto nos artigos 1 e 3 do Decreto 246/1992 da Consellería de Economía e Facenda (DOG núm. 159 do 17 de agosto de 1992).

Terceira.- Obrigas do Concello de O Porriño, (Pontevedra).

Pola súa banda, o Concello de O Porriño en Pontevedra, comprométese a autorizar a plena e libre dispoñibilidade dos terreos e inmobles necesarios a favor da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para que esta poida acometer a execución das actuacións obxecto do presente convenio. Esta libre dispoñibilidade será realizada, segundo o establecido no Decreto 246/1992, do 30 de xullo, da Consellería de Economía e Facenda. Así mesmo, será o responsable de aprobar o documento técnico das actuacións e conservar e xestionar o acceso aos restos no ámbito dos terreos da súa titularidade.





Cuarta.- Comisión Paritaria

Coa finalidade de asegurar o cumprimento do presente convenio, créase unha comisión mixta de seguimento e control, integrada por:

1. Dous (2) representantes da Xunta de Galicia
2. Dous (2) representantes do Concello de O Porriño, (Pontevedra).

Quinta.- Resolución

O presente convenio resolverase polo incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan.

Sexta.- Vixencia

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estará vixente ata o 31 de decembro de 2024 e, en todo caso, ata a finalización das obras contempladas nesta intervención.

En todo caso, a duración máxima prevista non poderá ser superior aos catro anos, salvo que normativamente esté previsto un prazo superior, de acordo co artigo 49 apartado h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Sétima: Publicidade do convenio

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Asemade procederase á inscrición do convenio no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Oitava: Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.





As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Novena.- Réxime Xurídico

Este convenio ten natureza administrativa. As cuestións litixiosas xurdidas da aplicación do presente convenio, e non resoltas en vía administrativa, serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

E en proba de conformidade cos termos do presente convenio, as partes comparecentes asínano e rubrícano por duplicado exemplar no lugar e data expresados.

O Conselleiro de Cultura, Educación,
Formación Profesional e Universidades,

O Alcalde de O Porriño (Pontevedra)

Román Rodríguez González

Manuel Alejandro Lorenzo Alonso

